

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 16 de decembro de 2011

37-204 Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite

PROXECTO TÉCNICO

1. Normativa e organización

As “Declaracións Mensuais de Entregas de Leite de Produtores” realizadas polos compradores que recollen leite en Galicia, ven establecido polo artigo 24.4a) do Real Decreto 754/2005.

O Real Decreto 347/2003, de 21 de marzo, regula o sistema de xestión da cota láctea e os tipos e condicións para o movementos de cotas entre as explotacións.

No Decreto 158/2007, do 21 de xuño, ven regulado por parte da Comunidade Autónoma de Galicia a aplicación da taxa láctea en Galicia. Establecese en este decreto a autoridade competente na aplicación da taxa láctea na comunidade, no Director do FOGGA.

Organización

O órgano encargado da creación e mantemento deste rexistro, na Comunidade Autónoma de Galicia é a Consellería do Medio Rural, a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e adscrito á dita consellería.

O órgano encargado da explotación estatística das “Declaracións Mensuais de Entregas de Leite de Produtores” é o Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións, da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

Esta operación figura incluída no inventario de operacións estatísticas da administración autonómica.

2. Unidades estatísticas

A unidade a investigar é un resumo mensual das operacións de compra do leite aos produtores por parte dos primeiros compradores autorizados.

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia.

Calquera persoa física ou xurídica que desexa exercer a actividade de comprador deberá estar previamente autorizada. Dita autorización se concederá pola autoridade competente nos termos e condicións establecidos no Real Decreto 754/2005. Todo isto, sen prexuízo das compras realizadas directamente polos consumidores aos produtores con cota de venda directa a que se refire o capítulo III (do RD), que non entran nesta estatística.

Segundo se establece no RD, os compradores autorizados presentarán ante a autoridade competente da comunidade autónoma, por medios telemáticos, dentro dos 20 primeiros días de cada mes, a declaración da contabilidade material de compra de leite aos produtores correspondente ao mes inmediato anterior, para o que empregarán o modelo que estableza a autoridade competente, no caso da Comunidade Autónoma de Galicia o FOGGA.

Para a realización da estatística, o FOGGA facilita ao Servizo de Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións a información (segundo se reflicte no apartado de variables) referida á entrega mensual de leite aos primeiros compradores.

3. Variables

A partires da cota que ten asignada cada explotación (segundo o RD 347/2003) o FOGGA realizase unha estratificación por tipo de explotación que toma os seguintes valores:

Tipo de explotación	Condición
Estrato 1	0 – 100.000
Estrato 2	100.001 – 200.000
Estrato 3	200.001 – 300.000
Estrato 4	300.001 – 400.000
Estrato 5	400.001 – 700.000
Estrato 6	> 700.000

A información mensual de entregas de leite xa se recibe por estratos e así para cada mes e temos as seguintes variables:

- Prezo do leite por estrato (€/100 litros de leite)
- Prezo Medio Ponderado (€/100 litros de leite)
- Número de produtores
- Número de compradores
- Quilos de leite entregada (en millóns)

4. Procesado de datos

Faise unha revisión de macrodatos que será manual, cotexando a información coa do mes anterior e revisando aqueles casos nos que se atopen discrepancias importantes. Neses casos, de ser necesario, contactarase co FOGGA para investigar as declaracións de compra e facer as comprobacións pertinentes.

Como non se prevé a ausencia de datos, non se considera necesario realizar ningún tipo de imputación.

5. Deseño da explotación de datos do rexistro e presentación de resultados.

A estatística difúndese dende o Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións da Consellería do Medio Rural e os datos almacenaranse nun arquivo en formato Excel, constituído polos campos que recollen os prezos mensuais (de xaneiro a decembro), por estratos (do 1 ao 6), prezo total, nº de primeiros compradores e nº de gandeiros que entregaron leite.

A información que se facilite será provisional, confirmándose como definitivos cando remate a campaña produtora de leite, que vai do 1 de abril ao 31 de marzo do ano seguinte.

Na páxina web preséntase a información en formato de táboa que incluírá “o prezo medio por 100 litros de leite” por estrato e “prezo medio ponderado”.

No anexo I mostrase ó formato de táboa onde se presentan os datos a publicar. O resto da información que se obtén se emprega para realizar cruce de datos con outras operacións estatísticas que realiza o Servizo.



PREZOS DO LEITE EN GALICIA, DECLARADOS POLOS COMPRADORES EN 2011. (Euros/100 litros, sen IVE)

Cota (kg/Explotación)	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Estrato 1												
<100.000												
Estrato 2												
100.001-200.000												
Estrato 3												
200.001-300.000												
Estrato 4												
300.001-400.000												
Estrato 5												
400.001-700.000												
Estrato 6												
>700.001												
Prezo Medio ponderado												

NOTA:

Corresponden os datos declarados polos primeiros compradores a XX de xxxxx de 2011